

QUÉ É FIP

A idea do FIP, Festival Internacional de Percusión, nace a partir da VI edición do Curso Internacional de Percusión Merza 2011 realizado en Galicia.

Organizado pola compañía Nuevo Contemporáneo de Zaragoza baixo a dirección de César Peris (director da cátedra de percusión no Conservatorio Superior de Música de Aragón) e por Odaiko Percussion Group, grupo galego de referencia no campo da percusión, caracterízase desde os seus comezos por estar na cabeza mundial en número de profesores e alumnos.

O Festival Internacional de Percusión FIP 2012 caracterízase pola versatilidade dos grupos e percusionistas participantes, nacionais e internacionais sen menospreciar as coproduccións autonómicas FIP, que presentan uns espectáculos e produccións propias innovadoras e arriscadas.

Un compromiso compartido desde as sedes autonómicas FIP con propostas experimentais diferentes cun único fin, sorprender ao espectador.

FIP FESTIVAL
INTERNACIONAL DE
PERCUSION 2012

LUGO

27 AO 29 DE XULLO
PRAZA DE SANTA MARÍA


Concello de Lugo
Concellería de Cultura, Turismo
e Promoción da Língua

odaiko
percussion group

FIP 2012
FESTIVAL
INTERNACIONAL
DE PERCUSIÓN

27 VENRES

12.00h Taller de bothran e percusión Galega.

O recoñecido percusionista Dani Riveiro (Roi Casal, Combo mariñeiro, BMS Santiago, Ophiusa, XM Budiño..) encargárase de achegarnos os segredos da percusión galega e dun instrumento irmán que usa nos seus concertos, o borhran.

Recoméndase asistir con instrumentos, aínda que non é condición obrigada para asistir.

19.00h Taller de Tamborrada.

A pedra e a pel son dous elementos que camiñan da man dende a era primitiva, por iso este taller pretende simbolizar a unión destes dous elementos percusivos. A finalidade desta treboada-tamborrada é a preparación para o posterior pasarrúas polo centro histórico de Lugo.

Para todos os públicos. Recoméndase asistir con calquer instrumento que se poida percutir, preferiblemente bombos ou tambores.

21.30h Pasarrúas Tamborrada.

A finalidade desta treboada-tamborrada polo centro histórico de Lugo é anunciar que o FIP xa está na cidade.

22.30h Concerto de Rastrexos Project

Dentro do xénero do world music encontramos a este grupo galego-suízo que a pesar de levar puco máis dun ano en escea, teñen as súas costas galardóns tan recoñecidos como o runas de Ortiueira.

A súa proposta musical arranca dende as raíces percusivas africanas ou brasileiras, fusionándose con elementos como piano, baixo ou a propia voz.

28 SÁBADO

12.00h Concerto "Marimba en Pedra"

O ciclo Marimba en Pedra achéganos o instrumento de placas máis antigo, a pesar de ter pouco máis de medio século.

Repertorio contemporáneo, transcripcíons e pezas máis modernas serán os ingredientes para dar a coñecer este instrumento nai que naceu en África nas súas diferentes variantes (Balafón, Marimba...).

Percusionistas: Oscar Justo, Sergio Suárez.

19.00h Taller de Tamborrada.

Mesma sesión do venres.

Para todos os públicos. Recoméndase asistir con calquer instrumento que se poida percutir, preferiblemente bombos ou tambores.

21.30h Pasarrúas Tamborrada.

Mesma sesión ca do venres.

22.30h Odaiko Percussion Group.

Odaiko é un dos grupos máis relevantes dentro do panorama percusivo actual; o que o fai diferente e o levou aos principais festivais de todo o mundo (Twaiwan, EE.UU, Holanda, Bélxica...) é a versatilidade por introducir instrumentos do folclore cunha afianzada e virtuosa execución.

O espectáculo que nos amosa "Galician on board" trata de musicar as vivencias dun pobo chamado Galiza e dun personaxe chamado galego.

29 DOMINGO

12.00h "Lunch concert": Alumnos do CMUS Lugo & Ke percussion.

O FIP en todos os seus festivais reserva un apartado para os novos valores.

Neste caso son dúas formacións invitadas, o CMUS Lugo, que interpretará obras do seu repertorio anual, e Ke-Percusión, grupo que nace no CMUS de Vigo. A pesar de levar pouco tempo en marcha, xa reaslizaron numerosos concertos, todos eles caracterizados por dous denominadores comúns, a enerxía e as gañas de divertir.

20.30h Musgalia & Richard O Farrel.

